

HOMENAXE AOS DOCENTES

O pasado día 22 de outubro, tivemos a ocasión de inaugurar unha escultura-monumento de homenaxe a todas e todos as/os docentes, que foi instalada na Praza Horta do Seminario, centro neurálxico da localidade a nivel educativo. De feito, neste emblemático lugar conflúen importantes centros educativos como a Facultade de Formación do Profesorado, antiga Escola de Maxisterio; o CEIP Anexa, tradicional centro de prácticas de referencia; o IES Lucus Augusti, que é o instituto máis antigo de Galicia e outros centros de E. Primaria, escolas de E. Infantil, centros de Educación Especial e institutos da cidade. A escultura, financiada polo Concello de Lugo e a Excm. Diputación, a iniciativa de ANPE, foi realizada por José Gómez de Bernardo, máis coñecido como Pepón, escultor da provincia de Lugo, moi coñecido pola talla en pedra e madeira. O material elixido para esta ocasión, e non por casualidade, foi a pedra, porque permanece ao paso do tempo ao igual que os coñecementos, herencia ésta que os docentes lles deixamos a nosa sociedade. A pedra tamén resiste as adversidades, ao igual que os docentes, sobre todo nestes difíciles tempos para a nosa profesión. En definitiva, a pedra sempre está e estará ahí, ao igual que nos, as/os docentes e ao igual que ANPE, **que sempre estará ao teu lado, porque simplemente somos DOCENTES DO ENSINO PÚBLICO COMA TI.**

ANIMÁMOSVOS A QUE VISITEDES A ESCULTURA, QUE NOS REPRESENTA A TODOS E CADA UN DE NOS, OS DOCENTES.

